

Memoria PLAMBE 2024/25

Código:	Centro:
Provincia:	Localidade:

A memoria desenvolverá aqueles aspectos de interese en relación coa situación da biblioteca, as actividades desenvolvidas e o seu papel como recurso imprescindible na vida do centro.

Para a súa elaboración recoméndase consultar o documento “Recomendacións para a elaboración da memoria do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares 2024/25”.

Os seguintes apartados son obrigatorios para todos os centros:

1. Grao de cumprimento dos obxectivos previstos para o curso 2024/25

Enunciado dos obxectivos indicando o grao de cumprimento dos mesmos e breve valoración e reflexión sobre a consecución de cada obxectivo e/ou do seu conxunto.

2. Actividades realizadas

2.1. En relación coa xestión e a organización

Neste apartado especificaranse as actividades relacionadas coa xestión e a organización da biblioteca escolar como a planificación do traballo do equipo, a colaboración do alumnado voluntario, a reorganización de espazos ou da colección... así como a elaboración de boletíns informativos e/ou guías de persoas usuarias para distintos membros da comunidade educativa. Incluiranse tamén cuestións relativas á difusión do traballo desenvolvido dende a biblioteca: a publicación de contidos na rede a través da páxina web do centro e/ou da BE, redes sociais...

2.2. En relación coa dinamización

2.2.1. A biblioteca escolar para a alfabetización mediática e informacional

Neste apartado especificaranse aspectos como a formación de persoas usuarias (profesorado, alumnado e familias); as actividades para aprender a buscar, seleccionar, valorar e compartir a

información; o apoio ao traballo por proxectos e, de ser o caso, á materia Proxecto Competencial ou outras; o tratamento da información, medios de comunicación...; realización de actividades como "olimpíadas culturais" ou semellantes; a integración das TIC nas actividades da biblioteca escolar; a oferta de acceso á rede á comunidade educativa por parte biblioteca escolar; o traballo coa información tamén en formatos dixitais e on-line; o fomento da presentación de traballos mediante ferramentas tecnolóxicas e audiovisuais; a relación entre a biblioteca escolar e o proxecto Abalar/E-Dixgal así coma colaboracións sistemáticas ou coordinacións entre a biblioteca e outros equipos e programas do centro.

Tamén se tratarán cuestións como a realización de actividades de radio desde a biblioteca escolar; a existencia dalgún programa de educación audiovisual apoiado pola biblioteca escolar e a realización doutras actividades de alfabetización mediática.

2.2.2. A biblioteca escolar, mediadora da lectura

Neste apartado trátanse cuestións como Hora de ler (sinalando o papel da BE na súa organización e desenvolvemento, de ser o caso); os clubs de lectura; a organización de roteiros literarios; o desenvolvemento de actividades de lecturas compartidas; a organización de actividades de lectura e escritura en diferentes formatos e soportes; a actividade "mochilas viaxeiras"; a edición de boletíns (guías de lectura, de recomendacións lectoras, de novidades...); a existencia de itinerarios lectores e outras actividades relacionadas coa lectura.

2.2.3. Actividades de extensión cultural

Neste apartado explicaranse aspectos como a realización de concursos e/ou obradoiros; a celebración de recitais, conferencias, contadas...; a organización de presentacións de libros, encontros con autoras/es...; a organización de exposicións, concertos, proxeccións de cine, cineforum... e outras actividades de extensión cultural.

3. Avaliación realizada

3.1. Indicadores de uso da biblioteca escolar por parte da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias), de cumprimento dos obxectivos previstos e, en xeral, do grao de desenvolvemento do Plan de Biblioteca.

Pódese achegar o detalle dos mesmos no documento adicional de avaliación realizada.

3.2. Instrumentos e ferramentas de avaliación: enquisas, cuestionarios de avaliación, informes de avaliación...

Pódense achegar os modelos empregados no documento adicional de avaliación realizada.

3.3. Resultados da avaliación: análise de datos e valoración dos resultados.

Pódese achegar o detalle dos mesmos no documento adicional de avaliación realizada.

4. Previsións de futuro

Liñas prioritarias de actuación para o curso 2025/26:

4.1. En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes”

4.2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado

4.3. En relación coa formación de persoas usuarias e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual competencia dixital)

4.4. En relación co fomento da lectura

4.5. En relación co desenvolvemento do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información)

4.6. Outras actuacións (biblioteca inclusiva, implicación das familias e comunidade educativa, redes desde a biblioteca escolar etc.)

4.7. En relación coa avaliación